



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E MELLORAS DE ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO NÚCLEO URBANO DE ANTAS DE ULLA (rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova).

En Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a _____, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

Doutra parte, D. _____, Alcalde do Concello de Antas de Ulla, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Segundo. De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle á Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica.

Terceiro.- O concello de Antas de Ulla, no exercicio das súas competencias expón a necesidade de afrontar obras de urbanización e mellora de accesibilidade e seguridade vial no núcleo urbano de Antas de Ulla (rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova).

As rúas na que se pretende actuar, son das máis transitadas do concello, dado que unen o centro do núcleo urbano coa zona na que se atopan as instalacións do polideportivo municipal e as piscinas públicas municipais. Estas instalacións teñen unha considerable afluencia de público durante todo o ano, especialmente no verán. Este feito, ademais dos sinalados anteriormente, fai imprescindible garantir a seguridade dos seus usuarios e mellorar a súa accesibilidade.



XUNTA DE GALICIA

Esta situación fai que o obxecto desta colaboración se considere como de especial singularidade, o que acredita a xustificación da **non concorrencia pública para o outorgamento da axuda**.

Trátase de mellorar as condicións do acceso rodado e sinalización na rúa Castro Seoane, que constitúe unha vía da trama urbana de Antas de Ulla que conta con 710,00 m de lonxitude, aproximadamente.

A anchura na maior parte da vía, unha vez definida a aliñación, é de 7,25 m; aínda que conta cun ancho de 9,00 m na zona de acceso ao Complexo Castrexo Castro Seoane.

Preténdese, así mesmo, actuar na rúa Nova e na travesía da rúa Nova, co obxecto de mellorar as condicións de urbanización e accesibilidade e seguridade aos peóns, especialmente de mobilidade reducida.

Nestas rúas preténdese acondicionar as beirarrúas mediante a aplicación de formigón impreso nunha cor acorde co entorno e determinar pola dirección facultativa, e destinalas ao paseo, dotalas de mobiliario urbano, e facelas accesibles para os peóns de mobilidade reducida (unha de 1,60 m de ancho, e a outra de ancho variable de 2,50 m ata 2,80 m na rúa Nova; e de 1,75 m na travesía da rúa Nova).

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Cuarto.- As obras considéranse necesarias para mellorar a calidade de vida da poboación, construíndo un espazo seguro, accesible, harmonizado co medio e potenciador da imaxe do municipio.

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA TÉCNICO:

As obras que se pretenden realizar son as seguintes:

a) Demolicións e movemento de terras.

Prevese o levantamento e demolição de beirarrúas e bordes cos que actualmente conta a rúa Nova e travesía da rúa Nova, obxecto de actuación e facer a limpeza do firme das beiras da rúa Castro Seoane.

Procederase ao levantamento de farolas existentes, tratando de aproveitar as arquetas das mesmas para a reubicación de farolas.

b) Pavimentación.

Pavimentarase e acondicionarase a rúa Castro Seoane en función do ancho definido nos planos, de 7,20 m na meirande parte da súa lonxitude, aínda que varía nalgún punto do seu trazado, como por exemplo na zona de acceso ao Complexo Castrexo Castro Seoane, que ten 9,00 m de ancho nunha lonxitude de 38,50 m. O mesmo sucede na zona de acceso ás instalacións deportivas que alcanza un ancho de 10,70 m. Tamén ocorre o mesmo ao



XUNTA DE GALICIA

principio da rúa, dende o Camiño de Vilasión, que alcanza un ancho de 11,25 m nun tramo de 28,00 m. E no tramo final, despois do Complexo Castrexo, alcanza un ancho de 6,25 m.

c) Mobiliario Urbano.

Alumeado público.

Actualmente a rúa Nova e travesía da rúa Nova conta cunha serie de luminarias en mal estado e de importante consumo.

Utilizarase a canalización existente de alumeado público para adaptalo ás novas ubicacións de luminarias, e ás novas lámpadas. As lámpadas a colocar serán de maior rendemento que as actuais, e o seu consumo moi inferior. Iluminarase a totalidade da rúa, tanto a zona de peóns como a zona de tráfico.

Colocaranse as tapas ás arquetas necesarias.

Equipamento

Colocaranse papeleiras e bolardos e elementos garda-beirarrúas de formigón para delimitar a calzada e a zona peonil.

Quinto.- Atendendo á finalidade dos investimentos que pretende o concello, a actuación encádrase como obras de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura as necesidades da cidadanía e, polo tanto, susceptibles de recibir axudas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”,

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público e tendo en conta os beneficios que se derivan para o seus habitantes e a poboación en xeral, a Consellería considera axeitado colaborar na execución das actuacións e para iso contribuír cunha achega económica de **douscentos vinte e sete mil catrocentos noventa e tres euros con noventa e catro céntimos (227.493,94 €)**. A dita achega, ten que realizarse a través do concello, xa que é esta administración a mais próxima ao territorio e aos cidadáns beneficiarios. Por iso, a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos.

Sexto.- Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas no Concello de Antas de Ulla, no que se fai preciso realizar a actuación de “**urbanización e mellora de accesibilidade e seguridade vial no núcleo urbano de Antas de Ulla (rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova)**”, actuación que é imprescindible para satisfacer as necesidades da cidadanía. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido



XUNTA DE GALICIA

no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

Sétimo.- O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Por todo isto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Antas de Ulla, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das actuacións citadas, a través dun convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e o Concello de Antas de Ulla para a realización das obras de **“urbanización e mellora de accesibilidade e seguridade vial no núcleo urbano de Antas de Ulla (rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova)”**, cun orzamento total de **douscentos vinte e sete mil catrocentos noventa e tres euros con noventa e catro céntimos (227.493,94 €)**.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo obrígase a:

a.- Participar no financiamento da actuación recollida neste convenio, cunha achega máxima de douscentos vinte e sete mil catrocentos noventa e tres euros con noventa e catro céntimos (227.493,94 €), equivalente ao 100 % do investimento previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.521A 762.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2016.

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras aportacións, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, o concello beneficiario poderá subcontratar, segundo se contempla no apartado B) desta cláusula, ata o 100% do investimento obxecto da axuda.



XUNTA DE GALICIA

b.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, resérvase o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

B.- O Concello de Antas de Ulla obrígase a:

a.- Redactar os documentos técnicos que definan as obras a executar.

b.- Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.

c.- Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado A da presente cláusula.

d.- Comunicar á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a data de recepción das obras para o efecto de que se envíe un representante, que estará presente para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e.- De acordo coa mesma Lei 9/2007, o concello asume a total responsabilidade das execucións ante a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as obras, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.

f.- Realizar ante Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, DOG do 25 de xuño de 2007, faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda.



XUNTA DE GALICIA

(iii) Actas de recepción, unha vez finalizadas as obras.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día 15 de decembro de 2016.

g.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

h.- Comunicar á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

i.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

j.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

k.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

l.- O concello de Antas de Ulla presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de **douscentos vinte e sete mil catrocentos noventa e tres euros con noventa e catro céntimos (227.493,94 €)**, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao Concello de Antas de Ulla, contra a presentación por este das certificacións de obra executada. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da



XUNTA DE GALICIA

presentación das correspondentes certificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado f) da cláusula segunda.

Unha vez rematadas as obras, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Asemade, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir, limitándose a súa contribución económica aos límites pactados no presente convenio.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación. Todas as incidencias que puidesen xurdir deste convenio serán formuladas a través da comisión de seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

O incumprimento por calquera das partes das cláusulas do presente convenio poderá dar lugar a denuncia deste.



XUNTA DE GALICIA

SEXTA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura e terá a duración precisa para a completa execución das actuacións nel recollidas.

En todo caso, a eficacia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2016.

OITAVA.- NATUREZA, LEGISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

2.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

Pola XUNTA DE GALICIA
A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

Polo CONCELLO DE ANTAS DE ULLA
O Alcalde